

Á XERENCIA DE ATENCIÓN PRIMARIA DO SERGAS

D./D^a. _____, con NIF _____, e sinalando a efectos de notificacións o enderezo _____, actuando no nome e dereito do neno/a afectado/a _____ con DNI _____, comparezo e digo:

Que mediante a presente vimos formular queixa pola deficiencia na prestación dos servizos médicos de pediatría no Centro de Saúde de A Guarda, interesando se adopten as pertinentes medidas correctoras, de acordo ás seguintes

MANIFESTACIÓNS

PRIMEIRA.- No Centro de Saúde da Guarda prestan servizos dúas pediatras adscritas ao centro, a saber: Carmen Mosquera Pérez (cupo 36923452) e María Pilar Casado Cembreros (cupo 36922644).

SEGUNDA.- A citada pediatra Pilar Casado Cembreros está actualmente de baixa por enfermidade, situación na que permanece xa dende hai varios meses.

TERCEIRA.- A dita baixa non está sendo cuberta por outro pediatra, e os menores do cupo 36922644 non teñen a atención sanitaria, véndose privados do seu dereito á saúde que corresponde garantir aos poderes públicos.

CUARTA.- Esta situación está resultando encuberta pola actual atención telefónica en primeira consulta. As citas telefónicas, que unicamente se ofrecen dous días semanais e cunha agarda de quince días, son derivadas a pediatras doutros puntos da xeografía galega.

Os propios pediatras en atención telefónica manifestan reiteradamente a necesidade de atención presencial aos cadros de enfermidade dos nenos e nenas que atenden por teléfono, atención que non pode ser prestada por aqueles dada a distancia xeográfica, non podendo examinar aos nenos ou nenas.

Con obxecto de non deixar ós menores nunha situación de risco sanitario grave, o persoal que atende as citas de pediatría telefonicamente derivan con frecuencia ao servizo de urxencias do PAC de A Guarda, que carece de profesional pediatra, co resultado de privar aos nenos e nenas da atención especializada que estes requiren á par que se priva aos cidadáns dos recursos necesarios para atender as urxencias da localidade.

QUINTA.- A falta de cobertura das prazas de pediatras no concello supón unha palmaria quebra do dereito á protección da saúde recoñecida constitucionalmente no art. 43 da Carta Magna.

No desenvolvemento do referido dereito a Ley 14/1986, de 25 de abril, General de Sanidad establece que a actuación das AAPP sanitarias está orientada a garantir a asistencia sanitaria en todos os casos de perda da saúde (art. 6.1.4), garantía obviada pola falta de cobertura das prazas de

pediatría. En manifestación de tal garantía a meritada lei establece o dereito dos administrados (art. 10.7):

A que se le asigne un médico, cuyo nombre se le dará a conocer, que será interlocutor principal con el equipo asistencial. En caso de ausencia, otro facultativo del equipo asumirá tal responsabilidad.

Pola súa parte, o art. 12 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia establece o elenco de dereitos relacionados coa prestación de servizos sanitarios por parte do Sistema Público de Saúde de Galicia, entre os cales inclúense:

5.Dereito á asignación de persoal facultativo, quen será o seu interlocutor principal co equipo asistencial, e, no seu caso, do persoal de enfermería responsable do seguimento e plan de coidados. No caso de ausencia, as personas substitutas asumirán tal responsabilidade.

9.Dereito á continuidade asistencial, á coordinación e á integración das funcións asistenciais da atención primaria e especializada.

Así, ser atendido polo persoal sanitario requirido, constitúe un dos fundamentos do dereito á saúde que asiste a todos os cidadáns, e especialmente aos nenos e nenas, cuxa protección é unha encomenda básica aos poderes públicos, de acordo co que se establece nos arts. 39 CE e na da Convención sobre os Dereitos do Neno, adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1909 (Instrumento de ratificación do 30 de novembro de 1990). Concretamente, establece o art. 24 da citada Convención, ratificada por España:

1. Los Estados Partes reconocen el derecho del niño al disfrute del más alto nivel posible de salud y a servicios para el tratamiento de las enfermedades y la rehabilitación de la salud. Los Estados Partes se esforzarán por asegurar que ningún niño sea privado de su derecho al disfrute de esos servicios sanitarios.

2. Los Estados Partes asegurarán la plena aplicación de este derecho y, en particular, adoptarán las medidas apropiadas para: (...)

b) Asegurar la prestación de la asistencia médica y la atención sanitaria que sean necesarias a todos los niños, haciendo hincapié en el desarrollo de la atención primaria de salud;

Polo exposto,

SOLICITO que se admita o presente escrito e, tras os trámites de lei pertinentes, se proceda á inmediata cobertura das prazas de facultativos de pediatría no Centro de Saúde de A Guarda, aos efectos de garantir o dereito á saúde que asiste os reclamantes, así como ao resto de menores residentes no concello.

Asinado:

A Guarda, ____ de _____ de 2021.